

Don Leopoldo Moure García, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

C E R T I F I C O : Que o Excmo. Concello Pleno, en sesión celebrada o día 6 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

3. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DAS ORDENANZAS REGULADORAS DAS PRESTACIÓNS PATRIMONIAIS PÚBLICAS NON TRIBUTARIAS CORRESPONDENTES AOS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE LIXO; SERVIZO DE SUMIDOIROS.- Examinada a proposta que eleva o Alcalde, que textualmente di:

“En relación á aprobación das ordenanzas reguladoras dos ingresos correspondentes aos servizos de saneamento de augas residuais e recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e taxa de saneamento, que deriva da modificación da súa configuración xurídica que impón a Lei 9/2017, así como a revisión das tarifas do servizo de saneamento, coma consecuencia do estudo de custos que validaron os enxeñeiros municipais, o xefe do Servizo de Facenda e Patrimonio emite un informe que literalmente recolle:

“A vixente Lei de contratos do sector público, na súa disposición final duodécima, introduce unha modificación no artigo 20 do Real decreto legislativo (RDL) 2/2004, modificación que implica que naqueles servizos públicos que se prestan en réxime de xestión indirecta, ou de xestión directa mediante personificación privada carecerán da natureza xurídica de taxa, tendo a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario.

Por outra parte, a recente validación dos enxeñeiros municipais do estudo de custes que realizou a entidade EUDITA do servizo de saneamento, impón a necesidade de revisar as tarifas vixentes polo dito servizo.

Polo tanto, resulta necesario:

- A introducción de modificacións de carácter ou orde terminolóxico e técnico en todas as ordenanzas que afectan aos citados ingresos, de forma que reflectan a súa nova configuración xurídica.
- Modificación tarifaria respecto o servizo de saneamento de augas residuais.

Cuestións formais

I.- Esixencias no texto refundido das leis de facendas locais (RDL 2/2004)

O artigo 20.6 da citada norma establece que as contraprestacións económicas que teñan o carácter de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario se regularán mediante ordenanza.

A previsión legal antes referida supón un reenvío normativo ao artigo 49 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, o que determina:

- Aprobación inicial polo Pleno.
- Información pública e audiencia aos interesados por un prazo mínimo de 30 días, para a presentación de reclamacións e suxerencias.
- Resolución das reclamacións e suxerencias presentadas., coa aprobación definitiva no Pleno. No caso de que non se tiveran presentado ninghuna reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

A teor do artigo 47 da citada 7/1985, os acordos das aprobacións esixirán unicamente maioría simple, sendo preceptivo o informe tanto da Intervención coma da Secretaría (artigos 3 e 4 Real Decreto 128/2018)

Os acordos definitivos publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia (artigo 131 da Lei 29/2015)

II.- Esixencias na Lei de procedemento administrativo común das Administracións públicas (Lei 39/2015)

Nos termos do artigo 129 da lei 39/2015, e no relativo aos principios de boa regulación, o exercicio da potestade regulamentaria que se pretende deriva das propias esixencias que establece o ordenamento xurídico para este tipo de ingresos:

- Cambio da súa configuración xurídica, derivado da Lei 9/2017, que implica a perda da súa condición de taxa.
- Necesidade de axustar as tarifas aos custos determinados.

Polo tanto, o fin que se persegue é a adecuación ao ordenamento xurídico da norma que regula os citados ingresos, sendo o instrumento elixido (aprobación de novas ordenanzas) o único axeitado e posible para elo. En definitiva, existe necesidade para exercitar a potestade regulamentaria e o instrumento elixido (aprobacion de ordenanzas) é o que presenta maior eficacia. Así mesmo, concurre a proporcionalidade, modificando exclusivamente os elementos imprescindibles e garantindo a coherencia do ordenamento xurídico municipal co resto do ordenamento xurídico.

No relativo aos tramites de consulta, audiencia e información pública establecidos polo artigo 133 indícase que, na citada norma exclúese dos supostos de obriga dos ditos trámites as propostas normativas que regulen aspectos parciais dunha materia, suposto que se da neste expediente, polo que -nos termos do dito precepto- poderá prescindirse dos ditos trámites.

Cuestións sustantivas

No referente ao aspecto económico-financeiro -e no relativo aos ingresos que derivan do servizo de saneamento, único servizo obxecto de revisión de tarifas- e sen prexuízo do resto dos informes preceptivos, incorpórase ao expediente o correspondente estudo de custos, que elaborou a entidade EUDITA e que validaron os enxeñeiros municipais, así como a proposta para o pagamento para o financiamento dos ditos custos, partindo do número de abonados e consumos das persoas e entidades que integran as distintas tarifas.

Como queda dito, o resto de modificacións que recolle a proposta son puramente terminolóxicas con respecto á regulación deses mesmos ingresos mediante ordenanza fiscal neste momento vixente, modificacións imprescindibles atendendo á nova configuración xurídica deses ingresos.

A teor do sinalado, informo favorablemente a proposta de aprobación das ordenanzas reguladoras dos ingresos referidos, de xeito que reflectan a súa actual configuración xurídica, así como a adecuación das tarifas do servizo de saneamento aos custos vixentes.”.

Incorpóranse ao expediente os informes que emitiron o secretario e o interventor.

Na sesión extraordinaria da Comisión de Economía, Facenda, Emprego e RRHH do día 5 de novembro adoptouse a decisión de retirar da proposta inicial a ordenanza relativa ao Servizo de depuración de augas residuais, a cal queda pendente sobre a exclusión do financiamento a través deste concepto de ingresos determinados custos implícitos .

En virtude do sinalado, e co ditame da Comisión de Facenda e Patrimonio, propónselle ao Pleno do Concello que adopte o seguinte acordo:

Aprobar inicialmente as ordenanzas reguladoras das prestacións patrimoniais de carácter público non tributario dos servizos de saneamento de augas residuais e

recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e taxa de saneamento, de forma que se incorpore ao ordenamento xurídico municipal os seu novo carácter non tributario, respecto cada unha delas. Esta aprobación implica -ademáis- a revisión de tarifas do servizo de saneamento de augas residuais atendendo aos custos validados polos enxeñeiros municipais.

No caso de que non se tiveran presentado ninghuna reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

O teor da citada ordenanza é como segue:

ORDENANZA NÚMERO 1

Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario correspondente aos servizos de tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos.

Artigo 1: Fundamento e natureza

En uso das facultades contidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, o artigo 84.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.6 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e a disposición adicional primeira da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, ten o carácter de prestación patrimonial non tributaria os ingresos que derivan dos servizos de tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos.

Artigo 2: Nacemento da obriga de abono

Nace a obriga de aboamento coa prestación no termo municipal dos servizos de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos orgánicos. A prestación dese servizo é de recepción obrigatoria. A estes efectos terán o carácter de residuos sólidos urbanos os que determine en cada momento a lexislación específica.

Artigo 3:

Establécese a data de tratamento e eliminación de residuos en virtude do convenio formalizado entre o Concello e a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA) en data 30 de novembro de 2000, e que ha de rexer e aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2001, prorrateando a cota residual do mes de decembro ou fracción durante o citado exercicio, sendo as prestación patrimonial de carácter público non

tributarias establecidas na presente ordenanza fiscal o reflexo do custo real dos servizos ó prezo ou canon establecido no citado convenio, que ascende provisionalmente á cantidade de 4.775 máis o 7% de IVE por tonelada de lixo.

Artigo 4: Obrigados ao pagamento

Teñen a condición de beneficiados dos servizos, as persoas físicas e xurídicas, así coma as comunidades de bens e demais entidades que carentes de personalidade xurídica constitúan unha unidade económica ou patrimonio separado que soliciten, resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación do servizo. En todo caso, o obrigado ao pagamento ante esta Administración serán os propietarios dos bens inmoables, aos que lles corresponde o resto das obrigas formais inherentes ao servizo, sen prexuízo da súa facultade de repetir contra o beneficiario do servizo, nos termos do ordenamento xurídico.

Artigo 5: Responsables

a) Responderán solidariamente das obrigas de pagamento as persoas físicas e xurídicas e as entidades referidas no apartado anterior, e na proporción na súa respectiva participación nas vivendas e locais. Igualmente, serán responsables solidariamente as que sucedan por calquera concepto na titularidade ou exercicio de explotacións ou actividades económicas, pola débeda contraída do anterior titular e derivada do seu exercicio.

b) Serán responsables subsidiarios os administradores de sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, que cesaran nas súas actividades, polas débedas devengadas e que se atopen pendentes no momento do cesamento.

Artigo 6: Beneficios aplicables

a) Gozarán dunha bonificación, aqueles aboados para os que a suma dos ingresos de todas as persoas que convivan no inmovible que corresponda á alta da póliza de aboamento non supere ó indicador publico de rendas de efectos múltiples (IPREM), segundo o seguinte baremo:

Nº membros U.Familiar	INGRESOS MÁXIMOS	Nº membros U.Familiar	INGRESOS MÁXIMOS
1	IPREM	5	IPREM incrementado nun 40%
2	IPREM incrementado nun 10%	6	IPREM incrementado nun 50%
3	IPREM incrementado nun 20%	7	IPREM incrementado nun 60%
4	IPREM incrementado nun 30%	8	IPREM incrementado nun 70%

		9	IPREM incrementado nun 80%
--	--	---	----------------------------

O importe da bonificación desglosarase:

Conta de servizo		85,00%
Cota de consumo	Estarán exentos de aboamento polo consumo dos primeiros 30 m3 correspondentes a cada bimestre. Para os consumos que excedan da dita contía aplicarase o sistema tarifario común.	

Requisitos

As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estaren empadroados na vivenda para a que se solicita a bonificación da cota.
- O recibo de auga, recollida de lixo e rede de sumidoiros ten que estar a nome da persoa solicitante.

No suposto de que a persoa beneficiada polo servizo sexa distinta do propietario, poderá esta actuar de solicitante, téndose en conta os seus datos económicos. Así mesmo, o requisito do empadramento será referible á persoa ou entidade beneficiada polo servizo, correspondéndolle a acreditación da súa condición de persoa ou entidade pagadora do servizo.

No mes de xaneiro do seguinte ano deberá solicitar a prórroga da bonificación da cota. A documentación será a mesma que para unha solicitude nova. De non presentala, extinguirase automaticamente o dereito e procederase a súa baixa.

En todo caso os beneficios recoñecidos no presente precepto terán carácter rogado, debendo acreditar o solicitante o cumprimento dos requisitos esixidos.

Artigo 7: Cotas

Consistirán nunhas cantidades fixas por unidades de vivendas ou locais comerciais ou industriais, que se han de fixar en función da natureza e destino dos inmobles (actividade) e da cantidade estimada de lixo producido para o seu posterior tratamento.

1. prestación patrimonial de carácter público non tributaria pola recollida de residuos sólidos orgánicos:

Actividades		€/mes
GRUPO 1		
Tarifa	Residencias de pensionistas, S. Social, hospitais, hipermercados	300,38

1A		
Tarifa 1B	Centrais leiteiras, fábricas de gasosas, plantas embotelladoras, economatos	70,17
Tarifa 1C	Sanatorios, hoteis de 1ª categoría, paradores, estaleiros, fábricas de pastas, industrias de pedra e mármore, cetáreas	100,16
GRUPO 2		
Tarifa 2A	Colexios, institutos, salas de festas, matadoiros	40,14
Tarifa 2B	Hoteis de 2ª categoría, hostais, industrias, centros comerciais	40,14
Tarifa 2C	Discotecas, salas de xogo, fábricas de pan e fornos de pastelería, restaurantes, cafeterías, garaxes con lavado, lavanderías, pensións de máis de 10 prazas, autoservizos	40,14
Tarifa 2D	Pensións de 10 ou menos prazas, cines, bares, academias, galerías	40,14
Tarifa 2E	Pequenos talleres, garaxes sen lavado, salóns de peiteado e beleza	25,15
Tarifa 2F	Tabernas, supermercados, perruquerías	25,15
Tarifa 2G	Actividades comerciais e industriais exercidas na zona rural	12,65
GRUPO 3		
Tarifa 3A	Comercio en xeral, bancos, entidades de seguros, centros recreativos e culturais, pequenas clínicas	20,15
Tarifa 3B	Pequenos comercios (quincallas), despachos profesionais, garaxes particulares	10,18
GRUPO 4		
Locais sen actividade		10,18 €
GRUPO 5		
Tarifa 5A	Vivendas	4,39
Tarifa 5B	Vivendas zona rural	3,11
GRUPO 6		
Centros oficiais		20,15

Autocompactadores

Utilización de autocompactor 14,76€/día

Transporte autocompactor 120,35€/transporte

2. prestación patrimonial de carácter público non tributaria polo tratamento de residuos sólidos orgánicos:

Actividades		€/mes
GRUPO 1		
Tarifa 1A	Residencias de pensionistas, S. Social, hospitais, hipermercados	253,30
Tarifa 1B	Centrais leiteiras, fábricas de gasosas, plantas embotelladoras, economatos	59,22
Tarifa 1C	Sanatorios, hoteis de 1ª categoría, paradores, estaleiros, fábricas de pastas, industrias de pedra e mármore, cetáceas	84,50
GRUPO 2		
Tarifa 2A	Colexios, institutos, salas de festas, matadoiros	33,91
Tarifa 2B	Hoteis de 2ª categoría, hostais, industrias, centros comerciais	33,91
Tarifa 2C	Discotecas, salas de xogo, fábricas de pan e fornos de pastelería, restaurantes, cafeterías, garaxes con lavado, lavanderías, pensións de máis de 10 prazas, autoservizos	33,91
Tarifa 2D	Pensións de 10 ou menos prazas, cines, bares, academias, galerías	21,23
Tarifa 2E	Pequenos talleres, garaxes sen lavado, salóns de peiteado e beleza	21,23
Tarifa 2F	Tabernas, supermercados, perruquerías	21,23
Tarifa 2G	Actividades comerciais e industriais exercidas na zona rural	10,68
GRUPO 3		
Tarifa 3A	Comercio en xeral, bancos, entidades de seguros, centros recreativos e culturais, pequenas clínicas	16,98
Tarifa 3B	Pequenos comercios (quincallas), despachos profesionais, garaxes particulares	8,63
GRUPO 4		
Tarifa 4	Vivendas	3,69
GRUPO 5		
Centros oficiais		16,98

Artigo 8: Obrigación de aboamento

Periodo obxecto de liquidación e obriga de aboamento

a) A prestación patrimonial de carácter público non tributaria pola prestación dos servizos de recollida e tratamento de residuos sólidos orgánicos ten carácter periódico. O seu período impositivo coincide co ano natural, agás os supostos de inicio ou cese na súa prestación, nos que o período impositivo será o seguinte:

Nos supostos de inicio, desde o día que teña lugar ata o 31 de decembro. O dito inicio vendrá determinado pola concesion da primeira ocupación, ou a licenza de apertura e funcionamento.

Nos supostos de baixa, desde o 1 de xaneiro ata que se produza a baixa. Toda vez o carácter de servizo obligatorio, a baixa vendrá xustificada por causas que determinen a imposibilidade do servizo.

b) A obriga de ingresar pola dita prestación patrimonial de carácter público non tributaria corresponde ao primeiro día do período obxecto de liquidación.

Artigo 9: Declaración liquidación e ingreso

a) A prestación patrimonial de carácter público non tributaria xestiónase mediante padrón, quedando suxeitas as altas e as baixas a autoliquidación.

b) A alta no padrón poderase producir de forma voluntaria, ou mediante resolución administrativa, atendendo ao carácter de recepción obligatorio que corresponde ao servizo que grava a prestación patrimonial de carácter público non tributaria.

Artigo 10: Prestación patrimonial de carácter público non tributario por residuos depositados en vertedoiros controlados, con vehículo propio.

Obriga de pagamento: xorde dende o inicio da explotación de vertedoiros controlados por parte do Concello.

Establecido, e en funcionamento, o servizo de vertedoiros controlados, as cotas retribuiranse polo interesado no momento da súa solicitude e outorgada a preceptiva licenza municipal, tendo carácter provisional e a expensas de liquidación definitiva en función das toneladas de residuos eliminadas.

Eliminación de residuos depositados con transporte propio en vertedoiro controlado suxeito a licenza municipal previa e xerados no termo municipal de Ferrol:

Residuos non tóxicos nin perigosos:	€/Tm
Cascallos de obra	12.02
Mobles e trebellos	7,21
Electrodomésticos	16.23
Residuos procedentes da industria do automóbil	24.04
Industrias varias	8.41

Artigo 11

Se a eliminación dos residuos referenciados no artigo 10 precedente, o foran na planta de transferencia de SOGAMA, estes devengarán o prezo por tonelada establecido nas tarifas aprobadas pola dita sociedade.

Artigo 12

De existir convenios de recollida de tratamento con outros organismos aplicaranse as tarifas derivadas do estudio económico resultante dos custos do servizo, recollidos no Convenio formalizado ó efecto.

Artigo 13: Infraccións e sancións

En todo o relativo á cualificación de infraccións, así como das sancións atenderase ao disposto na normativa aplicable para esa tipoloxía de ingresos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor, unha vez producida a súa publicación no BOP, e cando transcurra o prazo de 15 días establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A entrada en vigor desta ordenanza suporá a derogación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo dito servizo.

ORDENANZA NÚMERO 2

Ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributaria da rede de sumidoiros

Artigo 1: Fundamento e natureza

En uso das facultades contidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, o artigo 84.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.6 en relación cos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e a disposición adicional primeira da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, ten o carácter de prestación patrimonial non tributaria os ingresos que derivan dos servizos da rede de sumidoiros.

Artigo 2: Nacemento da obriga de abono

- a) Actividade técnica e administrativa tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida a rede de sumidoiros municipal.
- b) A prestación dos servizos das redes de sumidoiros para a evacuación de augas pluviais, negras e residuais. A prestación dese servizo é de recepción obrigatoria.

Artigo 3 : Obrigatoriedade de evacuación á rede de sumidoiros

EMAFESA procederá á evacuación das augas negras, residuais e pluviais, e no seu caso a súa futura depuración, con carácter obrigatorio para tódolos inmobles do termo municipal de Ferrol que teñan fachada as rúas, prazas ou vías públicas en que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de quince metros e non sexa necesaria unha ampliación previa da rede de saneamento a xuízo dos servizos técnicos.

Artigo 4: Obrigados ao pagamento

Teñen a condición de beneficiados dos servizos, as persoas físicas e xurídicas, así coma as comunidades de bens e demais entidades que carentes de personalidade xurídica constitúan unha unidade económica ou patrimonio separado que soliciten, resulten beneficiadas ou afectadas pola prestación do servizo. En todo caso, o obrigado ao pagamento ante esta Administración serán os propietarios dos bens inmobles, aos que lles corresponde o resto das obrigas formais inherentes ao servizo, sen prexuízo da súa facultade de repetir contra o beneficiario do servizo, nos termos do ordenamento xurídico.

Artigo 5: Responsables

a) Responderán solidariamente das obrigas de pagamento as persoas físicas e xurídicas e as entidades referidas no apartado anterior, e na proporción na súa respectiva participación nas vivendas e locais. Igualmente, serán responsables solidariamente as que sucedan por calquera concepto na titularidade ou exercicio de explotacións ou actividades económicas, pola débeda contraída do anterior titular e derivada do seu exercicio.

b) Serán responsables subsidiarios os administradores de sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, que cesaran nas súas actividades, polas débedas devengadas e que se atopen pendentes no momento do cesamento.

Artigo 6: Tarifa pola acometida á rede xeral

O importe da tarifa resulta de multiplicar 21,95 euros polo número de vivendas e locais comerciais, industriais e profesionais radicados no inmovible.

Artigo 7: Tarifa pola prestación patrimonial de carácter público non tributaria derivada da rede de sumidoiros

A tarifa virá determinada pola cota de servizo establecida en cada caso máis a cota de consumo.

A cota de consumo será o produto do volume de auga consumida por contador expresada en metros cúbicos multiplicado polo prezo por metro cúbico correspondente ó grupo de actividade de que se trate:

Tarifa	Descrición	Cota servizo mes	Prezo (m3)
1	Industrial 1	46,04	0,2045
2	Industrial 2	18,44	0,2045
3	Industrial 3	11,53	0,2045
4	Comercial	3,26	0,2045
5	Local sen actividade	2,63	
6	Domestica	1,86	0,2045
7	Obras (edificios)	46,04	0,2045
8	Obras (unifamiliares)	11,53	0,2045
9	Concellos, A. Portuaria		0,2045

No suposto de que non se poda practicar tal medición, liquidarase segundo se estipula para o consumo de auga potable.

Para a descrición e contido o dos conceptos tarifarios, será de aplicación a ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributaria polo subministro de auga potable.

Artigo 8: Prestación de outros servizos

A prestación de outros servizos indirectos, como a limpeza de fosas sépticas e pozos negros, etc., realizarase por EMAFESA unha vez aceptado o presuposto previo correspondente os gastos de persoal e material investido.

Rematados os traballos, os usuarios que solicitaran os servizos procederán ó pagamento dos mesmos.

Artigo 9: Obriga de aboamento

a) Cota de acometida: Nace a obriga de aboamento cando se inicie a actividade que constitúe o seu feito impositivo, entendéndose iniciada esta:

- Dende a data de emisión do presuposto de liquidación previo por instalación de acometida, se o suxeito pasivo o formulase expresamente.

- Dende que teña lugar a instalación efectiva da acometida á rede de sumidoiros municipal no caso de que o propietario do inmovible non a solicitara previamente. Todo elo sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instuírse para a súa autorización.

b) Servizo de sumidoiro: Ten carácter periódico. O período obxecto de liquidación coincide co ano natural, agás os supostos de inicio ou cese na súa prestación, nos que o período impositivo será o seguinte:

- Nos supostos de inicio, desde o día que teña lugar ata o 31 de decembro. O dito inicio verá determinado pola acometida á rede.

- Nos supostos de baixa, desde o 1 de xaneiro ata que se produza a baixa. Toda vez o carácter de servizo obrigatorio, a baixa verá xustificada por causas que determinen a imposibilidade do servizo.

A obriga de aboamento pola dita prestación patrimonial de carácter público non tributaria corresponde ao primeiro día do período obxecto de liquidación.

Artigo 10: Declaración, liquidación e ingreso

Esta prestación patrimonial xestiónase mediante padrón, quedando suxeitas as altas e as baixas a autoliquidación.

a) A alta no padrón poderase producir de forma voluntaria, ou mediante resolución administrativa, atendendo ao carácter de recepción obrigatorio que corresponde ao

dito servizo.

b) A prestación patrimonial de carácter público non tributaria pola acometida xestionarase como autoliquidación.

Artigo 11: Beneficios aplicables

a) Gozarán dunha bonificación, aqueles aboados para os que a suma dos ingresos de todas as persoas que convivan no inmovible que corresponda á alta da póliza de aboamento non supere ó indicador publico de rendas de efectos multiples (IPREM), segundo o seguinte baremo:

NÚM. MFMRR	INGRESOS MÁXIMOS	Nº membr	INGRESOS MÁXIMOS
1	IPREM	5	IPREM incrementado nun 40%
2	IPREM incrementado nun 10%	6	IPREM incrementado nun 50%
3	IPREM incrementado nun 20%	7	IPREM incrementado nun 60%
4	IPREM incrementado nun 30%	8	IPREM incrementado nun 70%
		9	IPREM incrementado nun 80%

O importe da bonificación desglosarase:

Conta de servizo	85,00%
Cota de consumo	Estarán exentos de aboamento polo consumo dos primeiros 30 m3 correspondentes a cada bimestre. Para os consumos que excedan da dita contía aplicarase o sistema tarifario común.

Requisitos

As persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

Estaren empadroados na vivenda para a que se solicita a bonificación da cota.

O recibo de auga, recollida de lixo e rede de sumidoiros ten que estar a nome da persoa solicitante.

No suposto de que a persoa beneficiada polo servizo sexa distinta do propietario, poderá esta actuar de solicitante, téndose en conta os seus datos económicos. Así mesmo, o requisito do empadramento será referible á persoa ou entidade beneficiada polo servizo, correspondéndolle a acreditación da súa condición de persoa ou entidade pagadora do servizo.

No mes de xaneiro do seguinte ano deberá solicitar a prórroga da bonificación da cota. A documentación será a mesma que para unha solicitude nova. De non presentala, extinguirase automaticamente o dereito e procederase a súa baixa.

En todo caso os beneficios recoñecidos no presente precepto terán carácter rogado, debendo acredita o solicitante o cumprimento dos requisitos esixidos.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A entrada en vigor desta ordenanza suporá a derogación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo dito servizo.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor, unha vez producida a súa publicación no BOP, e cando transcurra o prazo de 15 días establecido no artigo 62.2 da Lei 7/1985, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por maioría de catro votos a favor, correspondentes ós sres./as. Membros de Ferrol en Común e a sra. Méndez Fonte, fronte a tres votos en contra, correspondentes ós sres. Membros do Bloque Nacionalista Galego e sra. Leira Penabad e trece abstencións, correspondentes ós grupos Popular, Socialista e Ciudadanos, acordou aprobar a proposta transcrita.

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Iltmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, asinado electrónicamente na data que figura na parte inferior.

Vº e Pr
ALCALDE